

12 Secretaría Xeral

Asesoría Xurídica

A Asesoría Xurídica é a unidade administrativa de apoio aos órganos de goberno universitarios encargada da representación e defensa da Universidade perante os xulgados e tribunais.

En exercicio da función contenciosa, en 2012 presentáronse 21 recursos contenciosos-administrativos, incoados polo profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e terceiros alleos á comunidade universitaria (expropiacións, responsabilidade patrimonial, contratación administrativa). Así mesmo, hai que salientar que na orde contencioso-administrativa se ditaron 41 resolucións xudiciais favorables á institución e outras 7 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social presentáronse 15 demandas. Ditáronse 17 resolucións xudiciais favorables á

UDC e 14 desfavorables. Na xurisdiccional civil presentáronse 4 procesos e ditáronse 4 resolucións favorables á UDC. Por último, na orde xurisdiccional penal presentáronse 5 procesos e ditouse 1 resolución favorable á UDC.

A cifra de apuntamentos reflicte os asentos de entrada/saída a que dan lugar as actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC (un total de 1.289), ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais (875).

Polo que se refire á súa función consultiva, a asesoría emitiu 338 informes e asistiu a 28 sesións da Mesa de Contratación e unha da Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos.

Apuntamentos	Registro xulgados			Registro interno		
	2010	2011	2012	2010	2011	2012
Entradas	540	497	665	504	557	518
Saídas	103	137	210	683	718	771
Total	643	634	875	1.187	1.275	1.289

Cadro 211 Evolución do número de apuntamentos

Iniciados	
Alumnado	2
PAS	16
PDI	4
Outros	22
UDC	1
Total	45

Finalizados	
Alumnado	6
PAS	17
PDI	12
Outros	26
UDC	2
Total	63

Cadro 212 Procedementos iniciados e finalizados en 2012

Resolucións	
Favorables á UDC	63
Desfavorables á UDC	21
Total	84

Cadro 213 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2012



Procedementos iniciados	
Alumnado	1
PAS	2
PDI	2
Outros	16
Total	21
Procedementos finalizados	
Alumnado	6
PAS	2
PDI	4
UDC	1
Outros	17
Total	30
Resolucións xudiciais	
Alumnado	6
Favorables á UDC	6
Desfavorables á UDC	0
PAS	7
Favorables á UDC	7
Desfavorables á UDC	0
PDI	11
Favorables á UDC	8
Desfavorables á UDC	3
UDC	1
Favorables á UDC	0
Desfavorables á UDC	1
Outros	23
Favorables á UDC	20
Desfavorables á UDC	3
Total	48

Cadro 214 Orde contencioso - administrativa en 2012

Procedementos iniciados	
PAS	14
Outros	1
Total	15

Procedementos finalizados	
PAS	15
PDI	7
Outros	5
Total	27

Resolucións xudiciais	
PAS	22
Favorables á UDC	11
Desfavorables á UDC	11
PDI	4
Favorables á UDC	4
Desfavorables á UDC	0
Outros	5
Favorables á UDC	2
Desfavorables á UDC	3
Total	31

Cadro 215 Orde xurisdiccional social en 2012



Procedementos iniciados	
Alumnado	1
Outros	3
Total	4

Procedementos finalizados	
Outros	4
Total	4

Resolucións xudiciais	
PAS	1
Favorables á UDC	1
Outros	3
Favorables á UDC	3
Total	4

Cadro 216 Orde xurisdiccional civil en 2012

Procedementos iniciados	
PDI	2
Outros	2
UDC	1
Total	5

Procedementos finalizados	
PDI	1
UDC	1
Total	2

Resolucións xudiciais	
PDI	1
Favorables á UDC	1
Total	1

Cadro 217 Orde xurisdiccional penal en 2012

Exercicio	2010	2011	2012
Total iniciados	39	51	45
Contencioso - administrativo	17	34	21
Social	16	15	15
Civil	2	2	4
Penal	2	0	5
Total finalizados	108	27	63
Contencioso - administrativo	89	18	30
Social	14	9	27
Civil	1	0	4
Penal	4	0	2
Resolucións favorables á UDC	92	62	63
Resolucións desfavorables á UDC	16	8	21

Cadro 218 Evolución do número de procedementos

Informes	2012
Informes – alumnado	5
Informes – contratos	28
Informes – convenios/acordos/protocolos	224
Informes – normativa	15
Informes – pregos	7
Informes – profesorado	3
Outros asuntos informados	16
Reclamacións – PAS	4
Reclamacións – terceiros	3
Reclamacións previas á vía xudicial – PAS	10
Reclamacións Responsabilidade Patrimonial – terceiros	1
Recursos – PAS	7
Recursos – profesorado	2
Recursos – contratación	2
Recursos – subvencións e outras axudas	11
Total	338

Cadro 219 Informes emitidos pola Asesoría Xurídica en 2012

Normalización lingüística

Ao longo do ano fíxose unha segunda edición da campaña “En galego tamén se fai ciencia”, de xeito coordinado coas universidades de Santiago e de Vigo. Xunto coas propostas de tradución de manuais para o alumnado de primeiro curso e outras iniciativas, decidiuse encargar un traballo de investigación para coñecer a repercusión, a respecto do uso do galego na actividade docente, da valoración do emprego do galego na investigación por parte das diferentes administracións, tanto galegas como estatais, co obxectivo de lles facer chegar unha proposta de mudanza e de maior recoñecemento obxectivo da utilización da lingua propia no ámbito universitario.

O Servizo de Normalización Lingüística corrixiu preto de catro mil páxinas e traduciu preto de mil cincocentas, cifras son similares ás do ano 2011 (aumentou a tradución e diminuíu a corrección). Mantense a liña de favorecer o incremento da corrección e o asesoramento e a diminución da necesidade de traducións

por parte do colectivo docente. De feito, a realización dun curso de lingua galega en liña tivo un éxito inesperado entre o colectivo docente, con máis de 100 persoas matriculadas.

Canto ao alumnado, o asesoramento lingüístico requirido adoita estar vinculado á revisión dos seus traballos de investigación, canalizados a través das axudas previstas para a súa redacción e defensa en lingua galega.

Once centros desenvolveron accións de promoción do galego coa avaliación da Comisión de Seguimento do Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña: Facultade de Ciencias da Comunicación, Facultade de Socioloxía, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias do Traballo, Facultade de Economía e Empresa, ETS de Arquitectura, Escola Politécnica Superior, Escola Universitaria Politécnica, Facultade de Filoloxía, Facultade de Dereito e Escola Universitaria de Turismo.

	2009	2010	2011	2012
Páxinas corrixidas	4.536	4.010	4.515	3.913
Páxinas traducidas	1.779	1.624	1.177	1.462

Cadro 220 **Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística**

Destinatarios	Curso	Asistentes
PAS – A Coruña	Linguaxe Administrativa de Nivel Superior	14
PAS – Ferrol	Linguaxe Administrativa de Nivel Medio	16
PAS - en liña	Lingua Galega Hoxe	46
PDI - en liña	Lingua Galega Hoxe	101

Cadro 221 **Asistencia a cursos de lingua galega en 2012**

En xullo tivo lugar no Fórum Carballo o VIII Curso de Verán sobre *Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua, Dinamización Lingüística e Xustiza Social*, en que se combinaron sesións teóricas e sesións prácticas, formativas, de análise e de traballo conxunto. Por outra banda, a IX edición das Xornadas sobre Lingua e Usos, dedicada este ano ao tema *Lingua e Tradución*, desenvolveuse no salón de graos da Facultade de Filoloxía. Estas xornadas tiveron unha grande afluencia de asistentes, recuperando cifras doutros anos e conseguiron implicar o alumnado e o profesorado da facultade onde se desenvolveron nesta ocasión, con debates de grande interese e forte repercusión nas redes sociais.


Convocouse a IX edición do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras en colaboración coas outras universidades galegas, con dúas modalidades de participación. A gañadora do Premio na modalidade de Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega foi Rocío Toxo Asorei, estudante da Universidade de Santiago de Compostela, co traballo titulado “O galego, un mundo por descubrir”. Canto á modalidade de Idea para a promoción do galego, o xurado concedeulle este premio ao traballo presentado baixo o lema “A túa lingua é”, do que foi autora Nuria Freire González, alumna da Universidade da Coruña.

Teses de doutoramento	1
Traballos de fin de mestrado	41
Traballos de fin de grao	9
Proxectos de fin de carreira	19

Cadro 222 **Axudas a traballos de investigación en lingua galega en 2012**

Por último o servizo editou as actas das VIII Xornadas sobre *Lingua e Usos, Lingua e Ecoloxía* e fixo a revisión lingüística e terminolóxica do volume *Anuario da Facul-*

tade de Ciencias do Traballo. Canto á páxina web do servizo, esta recibiu ao longo de 2012 cerca de 8.000 visitas, o que supuxo un total de 10.732 páxinas vistas.



Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña consta de dúas unidades: o Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral:	7.166	Total: 11.547
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	1.087	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	3.294	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral:	14.455	Total: 14.621
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	105	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	61	
Total asentos			26.168

Cadro 223 Asentos realizados polo Rexistro en 2012

En 2012 entrou en funcionamento a nova aplicación informática de rexistro (Flexia) no Rexistro Xeral e nos rexistros auxiliares de Ferrol e Elviña. A nova aplicación, integrada co sistema de xestión de expedientes, está nun contorno web e o acceso realízase a través do navegador. Antes da súa entrada en funcionamento impartíronse unhas xornadas de formación para o persoal.

Así mesmo, principiou o labor de rexistro de certificados emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para o persoal da UDC. A Universidade da Coruña asinou un convenio coa FNMT polo que o Rexistro Xeral da UDC acredita a identidade para emitir o certificado de persoa física (clase 2 CA) e o certificado de empregado público (AP).

Rexistro Xeral	Persoa física (clase 2 CA):	310	Total: 759
	Empregado público (AP):	449	
Rexistro Auxiliar de Ferrol	Persoa física (clase 2 CA):	118	Total: 287
	Empregado público (AP):	169	
Total			1.046

Cadro 224 Certificados FNMT rexistrados en 2012 (outubro, novembro e decembro)

En decembro creouse o Rexistro Auxiliar de Estudantes (Campus de Ferrol), para dar unha maior seguridade xurídica e calidade no servizo prestado aos usuarios e usuarias. Neste rexistro aséntanse os escritos e comunicacións relativos a procedementos, asuntos ou materias da competencia do Servizo de Estudantes.

En 2012 o Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR) tiña catro fondos de documentación:

- O fondo da Universidade da Coruña: con arredor de 1.000 metros lineais de documentos.
- O fondo da Escola de Comercio: 23 metros lineais de documentos.

- A “Colección da Coruña: cultura, educación e investigación”: con 264 documentos (desde o século XVI ata o XX).

- A “Colección Fotográfica”: 342 placas de cristal e 23 fotografías en papel.

Houbo 29 transferencias de documentación ao CEDAR. O total de caixas de arquivo que ingresaron no centro foi de 1.456. Ingresaron, ademais, 180 documentos (datados entre os anos 1810 e 1975), 27 planos, 8 libros de rexistro e 1 cartel.

Realizouse o expurgo de 367 caixas de documentación, de conformidade coas Normas de Conservación aprobadas pola Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos.

